

# Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro          | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 15001033 | CFEA DE GUISAMO | BERGONDO | 2012-2013     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo          | Grao     | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------------|----------|--------|
|                               | AGRARIA             | CSAGA02                   | PAISAXISMO E MEDIO RURAL | SUPERIOR | LIBRE  |

### Módulo profesional

| Código MP | Nome   | Horas |
|-----------|--|-------|
| MP0701    | <p><b>EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA</b></p> <p><b>BC1. Iniciativa emprendedora:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de paisaxismo e medio rural (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</li> <li>.- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</li> <li>.- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</li> <li>.- A actuación das persoas emprendedoras no sector do paisaxismo e medio rural.</li> <li>.- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</li> <li>.- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</li> <li>.- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</li> <li>.- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do paisaxismo e medio rural.</li> </ul> <p><b>BC2. A empresa e o seu contorno:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</li> <li>.- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de paisaxismo e medio rural: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</li> <li>.- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de paisaxismo e medio rural: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</li> <li>.- Localización da empresa.</li> <li>.- A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</li> <li>.- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</li> <li>.- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</li> <li>.- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.</li> <li>.- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</li> </ul> <p><b>BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.- Formas xurídicas das empresas.</li> <li>.- Responsabilidade legal do empresariado.</li> <li>.- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.</li> <li>.- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</li> <li>.- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</li> <li>.- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de paisaxismo e medio rural.</li> <li>.- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</li> </ul> <p><b>BC4. Función administrativa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de paisaxismo e medio rural.</li> <li>.- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</li> <li>.- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e</li> </ul> | 53    |

|  |  |  |
|--|--|--|
|  | <p>rendibilidade da empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>.- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</li><li>.- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</li><li>.- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de paisaxismo e medio rural: documentos administrativos e documentos de pagamento.</li><li>.- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</li></ul> |  |
|--|--|--|

## Profesorado responsable

|                      |
|----------------------|
| Marlene Anaya García |
|----------------------|

# Índice

---

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

|              |   |          |
|--------------|---|----------|
| <b>1.</b>    | <b>Identificación da programación .....</b>   | <b>1</b> |
|              | Centro educativo.....   | 1        |
|              | Ciclo formativo .....   | 1        |
|              | Módulo profesional .....  | 1        |
|              | Profesorado responsable.....  | 2        |
| <b>2.</b>    | <b>Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación .....</b>  | <b>4</b> |
| <b>2.1</b>   | <b>Primeira parte da proba .....</b>  | <b>4</b> |
| <b>2.1.a</b> | Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan .....  | 4        |
| <b>2.1.b</b> | Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado ..... | 4        |
| <b>2.2</b>   | <b>Segunda parte da proba .....</b>   | <b>4</b> |
| <b>2.2.a</b> | Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan .....  | 4        |
| <b>2.2.b</b> | Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado ..... | 5        |
| <b>3.</b>    | <b>Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....</b>                                     | <b>5</b> |
| <b>4.</b>    | <b>Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento .....</b>  | <b>5</b> |
| <b>4.1</b>   | <b>Primeira parte da proba .....</b>  | <b>5</b> |
| <b>4.2</b>   | <b>Segunda parte da proba .....</b>   | <b>5</b> |

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1 Primeira parte da proba

#### 2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.<br>RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.<br>RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.<br>RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. |

#### 2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| CA1.2. Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.<br>CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da agricultura e a xardinaría.<br>CA1.8. Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.   |
| CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.<br>CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.<br>CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.<br>CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.<br>CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de paisaxismo e medio rural en función da súa posible localización. |
| CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial.<br>CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.<br>CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da agricultura e a xardinaría.<br>CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.<br>CA3.6. Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.<br>CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.                                     |
| CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.<br>CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.<br>CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co paisaxismo e medio rural, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).<br>CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.  |

### 2.2 Segunda parte da proba

#### 2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo  |
|---|
| RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. |

## 2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.   |
| CA2.2. Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.  |
| CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.  |
| CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. |
| CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de paisaxismo e medio rural en función da súa posible localización.  |
|   |
|   |

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Realizar corretamente o 50% das probas que se lle propoñen (como mínimo) para acadar a avaliación POSITIVA, no caso da primeira proba e o 80% da segunda proba.

## 4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

### 4.1 Primeira parte da proba

Realización de proba obxectiva tipo Test de 50 preguntas sobre os contidos do que trata o módulo.

### 4.2 Segunda parte da proba

Elaboración dun plan de empresa no que se desenvolva unha idea empresarial relacionada co C.S. de Paisaxismo e Medio rural.